

Cooperativismo e Eonomía Social, nº 31 (2008-2009), pp. 9-22

AS COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO: UNHA CRÍTICA NORMATIVA

Jaime CABEZA PEREIRO

*Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de Vigo*

ABSTRACT

This study pretends to discuss the main trends and the main challenges in which associated work cooperatives are involved. Focusing the attention in the Galician Parliament Act 5/1998, 18th December, it describes the most evident problems that workers-shareholders have in their relationships with the SC. Mainly, the discordances between labour law legislation and cooperatives legislation which results in underprotection of these shareholders. Also, this article suggests the necessity of more permeability and more dialogue between the cooperative institutions and public authorities or other social groups. And that it's urgent to develop more involvement of these entities of social economy in the most paramount social challenges. Probably, the cooperatives nowadays are too away from the role they might play in a social and democratic system.

RESUMEN

Este estudio pretende argumentar acerca de las principales tendencias y los principales retos que conciernen a las cooperativas de trabajo asociado. Focalizando la atención en la Ley del Parlamento de Galicia 5/1998, de 18 diciembre, describe los problemas más evidentes que los socios trabajadores tienen en sus relaciones con la sociedad cooperativa. Principalmente, las discordancias entre la legislación laboral y de cooperativas, las cuales resultan en desprotección de estos socios. Asimismo, el artículo sugiere la necesidad de más permeabilidad y diálogo

entre las instituciones cooperativas y las autoridades públicas y otros grupos sociales. Y que es urgente desarrollar una mayor implicación de estas entidades de economía social en los más importantes retos sociales. Probablemente, las cooperativas en la actualidad están demasiado alejadas del papel que deberían desempeñar en un sistema social y democrático.

SUMARIO: I. Ideas preliminares. II. Claves fundamentais. III. Propostas de futuro.

I. Ideas Preliminares

Nas lexislacións cooperativas das Comunidades Autónomas do Reino de España, xa hai tempo que se encetou unha liña de actuación de “deslaboralizar” as relacións dos socios cooperatistas coas cadansúas sociedades de produción, en particular, no eido das cooperativas de traballo. Nestas páxinas, desde a perspectiva da Lei 5/1998, de cooperativas de Galiza, se abordan certas dúbidas que me prantexa o mantemento desta tendencia en toda a súa extensión, coa hipótese de partida de que as normas non aportan solucións acaídas para moitos dos problemas de condicións de traballo dos ditos socios.

E hai un segundo argumento, probablemente de máis gravidade. Nestes mesmos anos se produciron moitas modificacións do marco das relacións laborais das persoas que traballan por conta allea, e mesmo se aprobou unha lei, a 20/2007, do Estatuto do Traballador Autónomo. Porén, nestas reformas legais se esqueceu unha necesaria actualización da lexislación cooperativa que se acompañara ás novidades xurídico-laborais. Ben é certo que se promulgaron normas de adaptación, básicamente no eido da Seguridade Social, pero sen abordar reformas máis estruturais que serían precisas para manter certa coordinación entre ambas as dúas lexislacións. As dificultades son maiores, evidentemente, polo feito da diferente distribución de competencias entre o Estado e as CC.AA. en materia laboral e de cooperativas, xa que as leis autonómicas teñen a súa dinámica propia, non necesariamente coincidente coas tendencias que se producen a nivel estatal. Sen perxuízo do que ás veces son excesivas e perigosas as fendas que se abren entre as condicións de traballo dos dous colectivos. Non vaia ser que, ao final, as CCAA dispoñen de competencias exclusivas supoña unha eiva para un acaído recoñecemento dos dereitos sociais das persoas socias das cooperativas de produción!

A Lei –estatal- 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas implicou, en contraste coa súa precedente Lei 3/1987, do 2 de abril, unha nidia deslaboralización das relacións societarias dos socios cooperativistas nas cooperativas de traballo asociado. Desde logo, as normas autonómicas afondaron na mesma orientación, quizáis con máis intensidade, en particular no caso da lei catalana –Lei 18/2002, do 5 de xullo, por certo hoxendía en proceso de reforma-. Sen dúbida, nesta perspectiva incidiu o obxectivo de salientar máis o perfil societario das relacións nas cooperativas de produción por riba do de prestadores de traballo e de servizos. Pero a dúbida á que hai que dar resposta é se as orientacións das Leis da última década despoxaron de dereitos máis do debido aos socios de traballo e aos socios traballadores, se deixaron sen resposta a moitas dúbidas xurídicas que se producen nestas relacións societarias e se non sería necesario que certas leis transversais contemplaran o ámbito cooperativo.

O exemplo da lei galega é moi evidente. Desde a súa entrada en vigor, unicamente foi obxecto de dúas reformas legais –por Lei 14/2004, de 30 decembro e por Lei 18/2008, de 29 decembro-, as dúas moi incidentais e que non entraron en aspectos centrais da regulación cooperativa, por máis que a primeira delas ten unha modificación de interese á que logo vou facer referencia. Pero desde a súa entrada en vigor houbo reformas laborais variadas, moitas delas que se achegan a temas esenciais nas relacións de traballo. Ademáis, se aprobaron leis transversais de ámbito estatal, en particular en materia de igualdade de tratamento e non discriminación, que precisarían de certa reflexión para que moitas das súas técnicas e ferramentas poidesen tamén ser de aplicación no eido cooperativo. Refirome, vg., á Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Ou mesmo á Lei 62/2003, de 30 decembro, pola que se incorporaron a España as Directivas 2000/43/CE, do 29 xuño 2000, de aplicación do principio de igualdade de tratamento das persoas independentemente da súa orixe racial ou étnica, e 2000/78/CE, do 27 novembro 2000, de establecemento dun marco xeral para a igualdade de tratamento no emprego e na ocupación. En fin, outro tanto habería que dicir da lexislación de protección fronte a violencia de xénero. Ben é certo que a Lei do Parlamento de Galiza 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galiza, contén no art. 21 un precepto absolutamente retórico que alude aos principios da Alianza Cooperativa Internacional e unha disposición adicional terceira na que se lle encomenda

á Xunta que remesa ao Parlamento, *sine dia*, un proxecto de modificación da Lei 5/1998 que integre os principios de igualdade e non discriminación por mor de xénero segundo os parámetros da dita Lei 2/2007 –e habería que dicir, das leis estatais desde finais dos anos 90-. Como era de esperar, a Xunta non deu banzos nesta liña e cabe dubidar que os dea nos vindeiros tempos. Namentras, nas cooperativas non está en vigor un feixe de medidas que hai na lexislación laboral para atallar discriminacións directas e indirectas e para compensar as desvantaxas das mulleres nas súas carreiras profesionais.

Por suposto, cabería facer referencia a outras normas legais. Pero, alén da necesidade de prantexar cuestións de axuste ou de adaptación ao marco cooperativo, hai outra dúbida que precisaría de resposta ou cando menos de reflexión, relativa a se non se lle está a furtar ao mundo cooperativo e, en xeral, á sociedade, o prantexamento de debates de política xeral neste eido das entidades de economía social. Refírome, desde logo, ao tema da igualdade e non discriminación. Pero tamén a outros de evidente raizame social, como é o caso da dependencia ou dos servizos sociais. Hai menos dun ano se aprobou en Galiza unha lei tan senlleira como a de servizos sociais, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, sen que implicara a máis pequena modificación na Lei 5/1998. Ou, o que é moi grave, a máis cativa referencia ás cooperativas. É que as cooperativas non deberían desenvolver un papel salientábel neste sector dos servizos sociais? Anoxa a comparación entre a lei galega e a catalana de servizos sociais, Lei 12/2007, do 11 de outubro. Ou quizáis sexa que o terceiro sector ten un desenvolvemento en Catalunya que nós estamos moi lonxe de acadar?

Aínda diría algo máis: o tecido cooperativo ten amosado certa alerxia a intromisións de institucións alleas nas decisións que lle concernen. Como se toda a súa normativa deba xurdir e ser consensuada desde as propias organizacións cooperativas. Esta sorte de “neocorporativismo cooperativo”, en principio bon na medida en que non haxa extralimitacións, chega a graos de perversión cando as grandes liñas de iniciativa política e normativa non se achegan ao eido da economía social. Cousa que sucedeu nalgunha ocasión, pola propia impermeabilidade que amosaron as súas institucións representativas.

II. Claves fundamentais

Hai que prantexar catro grandes cuestións que, ao meu xuízo, producen outras tantas perplexidades para os xuristas do traballo cando enxergamos a

normativa cooperativa do Reino de España e tentamos obter respostas de como se debería encetar certo proceso reformista da mesma.

I.- A primeira delas –máis que dúbida, denuncia- refírese aos evidentes problemas de moi deficiente acomodación das normas cooperativas á realidade laboral. Algúns deles xa foron descritos nos párrafos anteriores. A diagnose pode formularse nun dobre eixo de consideracións: primeiro, en termos de esquecemento das sociedades cooperativas de produción cando se abordan reformas laborais e de Seguridade Social e, segundo, dunha certa oposición para que fórmulas laborais se acheguen ao eido cooperativo.

Hai exemplos a cachón do primeiro eixo. Entre outros, pode lembrarse toda a materia da regulación de emprego dos socios traballadores. Primeiro foi o expediente suspensivo, resolto, con certas insuficiencias, no RD 1043/1985. Logo, o suspensivo, para o que non se acadou canle administrativa ata o RD 42/1996. Ou o RD 1278/2000, que modificou o Regulamento de actos de encadramento para establecer un concepto de traballo a tempo parcial parello ao daquela vixente dos traballadores por conta allea, pero que non foi modificado cando a reforma laboral de 2001 modificou a definición de traballo a tempo parcial no Estatuto dos Traballadores. O que produce que para os socios cooperativistas as persoas que presten servizos entre o 77 e o 100 por 100 da xornada ordinaria dun socio traballador a tempo completo comparábel prestan servizos a tempo completo, en tanto que ditas percentaxes para os traballadores por conta allea se reconducen hoxendía ao emprego a tempo parcial. Pero as máis das veces o que sucede é que a lexislación cooperativa queda totalmente esquecida e as reformas laborais non aproveitan ao eido das empresas de economía social. Como caso máis recente, habería que falar do RD-lei 2/2009, do 6 de marzo, no que a técnica da reposición da prestación e do subsidio por desemprego non se ampliou ás relacións societarias nas cooperativas de produción. Ben é certo que non sempre sucede así e que hai normas que regulan puntualmente a materia, como é o caso máis evidente da Lei 45/2002, do 12 de decembro, aínda que emendando bastantes omisións do seu precedente RD-lei 5/2002, do 24 maio.

Dito sexa de paso, hai un problema adicional de nivel de protección, porque todas estas normas, por máis que asimilen as técnicas do Dereito do Traballo e da Seguridade Social, establecen un umbral de protección case sempre por debaixo, sen que politicamente haxa unha explicación clara do porqué desta menor calidade do sistema de garantías.

II.- A segunda perplexidade alude ás dúbidas que existen para que poida coñecerse sen incertidumes o sistema de fontes reguladoras da relación de prestación de servizos nas cooperativas de produción. O caso da Lei galega é un máis, que reflicte unha realidade máis ampla, case común a todas as leis autonómicas e mesmo á lei estatal. É evidente que a primeira norma de aplicación das sociedades de cooperativas de traballo asociado é a cadansúa lei autonómica ou, no seu caso, a lei estatal. Porén, a técnica lexislativa utilizada nas mesmas deixa demasiado espazo á dúbida, que moitas veces ten que ir resolvendo a xurisprudenza ordinaria –vg., inexistenza para os socios cooperativistas, pola súa condición de tales e ao marxe de que se superpoña unha relación laboral, de protección por parte do Fondo de Garantía Salarial-.

No caso da lei galega, hai remisións claras. Vg., e como non podía ser doutro xeito, á lexislación de Seguridade Social –art. 106.2-, aínda que na práctica a referencia aos mesmos termos, extensión e condicións existentes para os demais traballadores precisaría de matices, como xa antes suxerín. Tamén pode resultar máis ou menos clarificadora a referencia á normativa de seguridade e hixiene no traballo do art. 107.5, pero esta xa amosa certas dúbidas de extensión: claramente hai que estar á Lei 31/1995, do 8 novembro, de prevención de riscos laborais, e aos Reais Decretos que a desenvolven. Pero, tamén á normativa de xornada ou á de maternidade? Á primeira semella que non, polas alusións puntuais que hai ao longo do art. 107, e por extensión tampouco á segunda.

Moito máis complexa é a remisión do art. 107.5, da que se precisaría unha doutrina xudicial clarificadora que hoxe non existe. A remisión é á normativa laboral de traballadores por conta allea, o que supón, desde logo, a aplicabilidade supletoria do Estatuto dos Traballadores e dos Regulamentos que se aprobaron ao seu redor. Tamén, aparentemente, aos convenios colectivos, tanto estatutarios canto extraestatutarios, na medida na que ostentan carácter normativo. Pero a aplicabilidade da normativa convencional xa se afronta a máis dúbidas, pola remisión que contén o apartado primeiro do art. 107 aos Estatutos ou ao Regulamento de Réxime Interno, porque estes instrumentos están chamados a regular a organización básica do traballo: estrutura da empresa, clasificación profesional, mobilidade funcional e xeográfica, licenzas retribuídas e excedenzas, en listaxe que non parece pechada. A dúbida evidente é se os Estatutos ou os Regulamentos teñen que estar aos mínimos que establezan as normas pactadas. En principio, e esa é a miña opinión, habería que entender que si. Pero non cabe dúbida de que esta toma de postura, na práctica, baleira de contido a referida remisión aos Estatutos e ao Regulamento Interno. No

fondo, o art. 107.6 unicamente antepón o art. 107 á normativa laboral, polo que, en boa técnica legislativa, no que se refire ás cooperativas de traballo asociado rexidas pola Lei 5/1998, todas elas están sometidas á lexislación laboral na súa integridade, agás as especialidades que se conteñen no art. 107.

Con todo, a vinculación das cooperativas pola normativa convencional prantexa certas interrogantes de conformación da unidade de negociación. Non se entende ben na medida na que os socios afectados non computan na representatividade sindical, porque para eles non rexe a normativa de eleccións sindicais, como declara sen dúbidas o RD 1844/1994, de 9 setembro, de xeito que lles afecta a negociación realizada por organizacións sindicais cuxa representatividade non ten ningún grao de vinculación cos socios cooperativistas. E o mesmo sucede, *mutatis mutandis*, no banco patronal, cando menos se as entidades de economía social non están asociadas ás organizacións empresariais negociadoras.

Unha remisión específica contense en materia de xornada, calendario, festivos, pausas e vacacións. Non se entende ben, á vista da remisión xenérica do art.107.6, que a alínea 1 *in fine* do dito precepto conclúa expresando que será de aplicación como dereito de contido mínimo necesario a normativa laboral para os traballadores por conta allea. É dicir, ademais dos arts. 34 e ss. do Estatuto dos Traballadores –incluídas, evidentemente, as regras relativas á realización de horas extraordinarias- e dos Regulamentos de aplicación –básicamente o RD 1561/1995, de xornadas especiais e o RD 2001/1983, no que permanece vixente en materia de festivos-, de novo a normativa convencional, tanto estatutaria canto extraestatutaria. Pero precisamente, a redacción desta alínea 1 *in fine* devolve as dúbidas relativas á dispoñibilidade da normativa laboral legal e pactada na remisión do art. 107.6 polos Estatutos ou polo Regulamento da cooperativa. Porque nesta non se expresa nidiamente que será aplicábel como dereito de contido mínimo necesario, como si se fai cando se regula a materia relativa ao tempo de traballo.

Outro tanto sucede no que se refire ao réxime disciplinario. Nesta materia, xa se trate da expulsión do socio ou doutra medida sancionadora, a impresión que se deduce da lectura da lei galega é a de que pretende afastar o réxime xurídico da regulación do despedimento disciplinario, como se colixe do feito de que o art. 108 non conteña ningunha remisión expresa á lexislación laboral. Aínda que cabería argumentar que xa abonda a que se contén no art. 107.6, de tipo xenérico. Ben é sabido que hai cuestións nas que as diferenzas teñen sido recoñecidas e consolidadas pola doutrina

xudicial, en temas como impugnación das decisións sancionadoras ou salarios de tramitación. Con todo, a tipificación das faltas e sancións se confía aos Estatutos da cooperativa, coa aparencia xurídica, en todo caso discutíbel, de que a cooperativa non está vinculada polo réxime disciplinario do convenio colectivo que sería de aplicación.

Por outra banda, a selección dos tópicos que regula especificamente a lei galega merecería certa crítica, polo que ten de arbitrario. Hai algo de paradóxico no feito de que se lle preste atención específica, vg., ao período de proba, ao calendario laboral ou a algunha das excedenzas que regula o Estatuto dos Traballadores, ao tempo que se garde silencio canto a outras materias que podían ter máis centralidade nas condicións de traballo dos socios traballadores. A escolma que fai a Lei 5/1998, xa que logo, merecería unha fonda revisión.

Probablemente, moitas das afirmacións feitas neste apartado teñen que ver cunha redacción e unha sistemática técnica mellorábeis da Lei 5/1998, pero amosan sempre dúbidas lexítimas de fontes aplicabeis que deberían ter sido clarificadas para propiciar certa seguridade xurídica nesta materia.

III. Unha terceira perplexidade xurde de determinadas cuestións que quedan fora de cobertura por máis que a Lei declara a asimilación absoluta en dereitos aos traballadores por conta allea. Quizáis a materia dos anticipos societarios é a máis evidente. Xa antes dixeran que a doutrina xudicial declarou a inexistenza de cobertura do Fondo de Garantía Salarial. Pero a menor protección tamén afecta aos privilexios crediticios, porque os anticipos non son salarios aos efectos desta lexislación, xa se trate do art. 32 do ET ou da Lei 22/2003. Unicamente lles aproveita o privilexio xeral dos cretos por traballo non dependente.

Outro tanto habería que expresar canto á protección fronte á extinción da relación societaria dos socios de traballo ou dos socios traballadores. A aplicabilidade das regras dos arts. 49 e ss. do Estatuto dos Traballadores non pode predicarse con carácter xeral, dada a distinta natureza do vínculo dun traballador e dun socio dunha cooperativa de produción. De feito, a regulación das baixas disciplinarias, como xa antes se apuntou, está inzada de regras particulares, das que non se pode deducir unha supletoriedade xeral da normativa laboral. Pero outro tanto cabe dicir doutras causas extintivas. Das derivadas de razóns económicas, técnicas, organizativas ou de produción, na medida en que tamén contan con regulación propia, a

aplicabilidade do art. 51 ET e do RD 43/1996, do 19 xaneiro, queda desbotada, alén da posibilidade de aplicar os seus principios ou algún precepto instrumental, no seu caso. Pero, por esa mesma causa, non é en aparencia viábel apelar ao despedimento obxectivo do art. 52 c). Probablemente, tampouco ás demais letras do art. 52. Tampouco, á institución da extinción do contrato por vontade do traballador baseada nun incumprimento do empresario. En resumo, a dinámica extintiva no eido da cooperativa ten unha lóxica propia, afastada das regras do Estatuto dos Traballadores. Unha materia especialmente complexa é a que ten que ver coa baixa por vontade da cooperativa que vulnera os dereitos fundamentais e liberdades públicas do socio, ou o principio de igualdade, ou se produce como resposta ou con ocasión da utilización polo socio dos dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Nestes casos, a vocación do órgano da xurisdicción social se ten que encamiñar á readmisión do socio na cooperativa, pero a cobertura legal para a dita readmisión é bastante feble. En termos xerais, hai que recoñecer de novo a deficiente técnica xurídica da Lei galega, ao omitir unha listaxe das causas extintivas da relación entre o socio traballador e a cooperativa.

Algo diferente sucede coa normativa de igualdade. Na medida na que se contén no Estatuto dos Traballadores, abundan as remisións da Lei 5/1998 á normativa laboral para que se entenda que os dereitos recollidos no mesmo tamén amparan ás persoas que teñen a condición de socias traballadoras. Porén, hai dúbidas canto ás regras que non se conteñen estritamente na referida normativa laboral. Un exemplo moi simbólico é a regulación dos plans de igualdade que fan os art. 45 ss. da LO 3/2007, do 22 de marzo. En aparencia, as cooperativas quedan fora da obriga de aprobar plan de igualdade, á marxe do número de socios que a compoñan. Probablemente, é unha das mostras máis evidentes de que a lexislación cooperativa debería ser máis permeábel á normativa de carácter transversal.

IV.- A última perplexidade á que convén aludir é á, na miña opinión, escura distribución de competencias entre o Estado e as CC.AA., que amosa moitas dúbidas e que, materialmente, matiza a atribución exclusiva da función normativa ás CC.AA que aparece nos Estatutos de Autonomía. En materia de Seguridade Social, é obvio que prevalece a competencia estatal por mor do art. 149.1.17º CE. E outro tanto cabe dicir das cuestións procesuais, en virtude do art. 149.1.6º. Coas peculiaridades de cada unha destas dúas cuestións, o certo é que a regulación estatal condiciona os contidos das normativas autonómicas que regulan o réxime sustantivo da

relación de prestación de servizos dos socios destas empresas de economía social. E logo están as materias nas que hai que apelar a outros títulos competenciais, que arrastran a regulación ao ámbito estatal. Os casos, xa referidos, das garantías do creto salarial ou a lexislación de estranxería poden ser dous bos exemplos.

Un caso moi simbólico é o da formación para o emprego, no que, para desbotar dúbidas e respostas negativas anteriores, o Acordo de febreiro do 2006 e o RD 395/1997, do 23 marzo fan referencia expresa ás empresas de economía social para que poidan ser beneficiarias, elas e os seus socios traballadores, das iniciativas e medidas que a dita regulación convencional e estatal establece.

Outro é o da regulación de emprego temporal ou definitiva. Teóricamente, cabería que o Goberno da Xunta aprobara un procedemento alternativo do previsto no RD 1043/1985 e no RD 42/1996. Pero dita posibilidade está sempre subordinada ao acceso das persoas interesadas á protección por desemprego. Na medida na que o Servizo Público de Emprego Estatal non recoñeza procedementos alternativos, é unha posibilidade na práctica inexistente o establecemento de sistemas de autorización ou constatación distintos dos previstos na normativa estatal.

Por outra banda, ás veces a normativa autonómica debe axustarse non tanto á lexislación estatal canto á normativa europea. Refírome ao caso máis evidente da prestación atípica de servizos, xa sexa temporal ou a tempo parcial, na que hai que estar sen dúbida ás Directivas 1997/81/CEE, relativa ao Acordo marco sobre o traballo a tempo parcial e 1999/70/CE, relativa ao Acordo Marco sobre o traballo de duración determinada. As dúas merecen a consideración, segundo o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, de principios fundamentais de Dereito Comunitario, aplicábeis, xa que logo, alén da específica categoría dos traballadores segundo estean definidos polas cadansúas lexislacións internas.

* * *

Neste contexto, o xurista ten que prantexarse dúbidas. E entre elas, unha fundamental: se, para as cooperativas de produción, foi positivo o proceso de asunción de competencias exclusivas por parte das CC.AA. Paradoxalmente, e contra das miñas conviccións persoais, tería que concluír que, lonxe de proveitoso, dito proceso para pouco máis serviu que para producir certas distorsións. As leis autonómicas non serviron para adaptar o réxime das cooperativas de traballo asociado e, moi en particular, de prestación de servizos dos seus socios, á realidade e ás necesidades da

nación ou rexión da que se trataba. No caso de Galiza, o certo é que os arts. 104 e seguintes non valen senón para reproducir, con particularidades improdutivas, a lexislación laboral estatal, iso sí, arroxando moitas dúbidas sobre se a dita lexislación ten rango de mínimo de dereito necesario ou carácter dispositivo para a normativa legal e interna das cooperativas. Sen que houbose iniciativa para establecer especialidades no réxime de parcialidade ou temporalidade da prestación de servizos dos socios traballadores, ou de fixación da xornada, ou de mobilidade interna, entre outros exemplos de condicións de prestación de servizos nas que seica fose positivo introducir certas regras diferenciadas. Iso si, houbo tempo para legislar e modificar un tema en si mesmo interesante, que é a percentaxe de traballo, en termos temporais que poden desenvolver os asalariados non socios. Tema este que, polo demáis, amosa como sería interesante regular certas doses de flexibilidade interna que fixeran innecesarias ou menos perentorias estas modificacións legais flexibilizadoras –vg, a da Lei 14/2004, do 30 decembro- que, na realidade, serven para que as cooperativas se incen de traballadores temporais.

III. Propostas de futuro

Así exposta unha valoración crítica da normativa autonómica de cooperativas de traballo asociado, as propostas, en realidade, non outra cousa supoñen que unha formulación en positivo das ideas descritas. Sintéticamente, compriría abrir sete eixos de análise e de propostas de actuación:

-A primeira delas referiríase a unha clarificación do sistema de fontes. É, sen dúbida, positivo que as CC.AA. poidan dispor de competencias amplas para lexislaren na materia. Porén, hai espazos nos que, mais que se recoñeza formalmente a exclusividade das CC.AA., a capacidade invasiva do Estado co gallo doutros títulos competenciais é moi ampla. Deste xeito, compriría que se identificaran –necesariamente en interpretación restritiva, para non baleirar competencias autonómicas- estes ámbitos mínimos. Porque, na práctica, as concorrencias competenciais poden producir desproteccións. Como exemplo, vale outra vez o do Fondo de Garantía Salarial: se é certo que nesta materia non cabe que legisle a Comunidade Autónoma –cousa que compriría, desde logo, poñer en dúbida-, cabería preguntarse se non sería posible que no ámbito autonómico se establecera certa protección dos anticipos societarios. Outro tema é a materia procesual, na que habería que afinar máis as cuestións que poden regularse desde o ámbito autonómico. Como proposta concreta, quizáis conviría que as leis autonómicas introducirán unha listaxe exhaustiva de materias para as

que rexe a lexislación estatal, xa como fonte exclusiva, xa como fonte supletoria. Asemade, que se clarificara en que casos a normativa laboral estatal debe ter a condición de mínimo imperativo relativo, por debaixo do que os Estatutos e os Regulamentos Internos das cooperativas non podan establecer condicións.

-A segunda alude á necesidade de introducir certa reflexión sustantiva, no noso caso desde Galiza, para plantexarse que aspectos da lexislación laboral estatal deberían poñerse en cuestión para que as condicións de traballo dos socios de traballo e dos socios traballadores acaíran mellor á nosa realidade. É dicir, aillar condicións de traballo das que non convivía tanto remitir supletoriamente á referida lexislación, senón introducir regras concretas e máis áxiles. En particular, cabería subliñar todo o que ten que ver con flexibilidade interna, en particular mobilidade funcional e modificación sustancial das condicións de traballo, como exemplos máis evidentes.

-A terceira proposta é máis ben de caste metodolóxica. Trataríase de afondar nos mecanismos de coordinación entre as Comunidades Autónomas, de información recíproca e de intercambio de boas prácticas. Do mesmo xeito que a nivel da Unión Europea se fomenta un método aberto de coordinamento no que se tenta dar pulo a certas políticas estatais e comunitarias mediante ferramentas de boa gobernanza e de implicación dos diferentes actores, igualmente no eido cooperativo debería incrementarse a cooperación entre os diferentes gobernos autonómicos e os actores sociais que teñan presenza nos seus ámbitos xeográficos. No que atinxe ao ámbito das cooperativas de traballo asociado, unha primeira ollada ás diferentes leis de cooperativas e ás súas solucións técnico-xurídicas pon sobre a pista de que o intercambio de análise, debate, propostas e de solucións concretas a problemas determinados é moi insuficiente. Como se houbese certo aillamento na análise dos problemas comúns.

-En cuarto lugar, habería que postular unha maior permeabilidade do eido cooperativo a certo proceso reformista derivado das grandes leis estatais e dos grandes debates de política social. O tema anteriormente apuntado dos servizos sociais pode ser unha boa mostra do que está a suceder. O mesmo que, sucede, vg., no ámbito da normativa de dependencia: desde logo, o terceiro sector, e dentro del a economía social, debería ter un papel protagonista no desenvolvemento e execución destas políticas. A nula implicación normativa das cooperativas de traballo asociado no tecido da dependencia é unha moi mala nova, non só para a

economía social, senón para a sociedade en xeral. Probablemente, é un síntoma da deficiente percepción que o corpo lexisferante ten do papel dos diferentes actores sociais e unha mostra da certa esclerose que existe da democracia participativa no noso país, se é que hoxendía cabe falar dela. E o mesmo cabería dicir das grandes leis transversais en materia de igualdade e non discriminación. Que delas non se derive unha modificación da lexislación cooperativa produce certo grao de preocupación e de incredulidade da vixencia dos principios cooperativos que as empresas de economía social din defender. Como mínimo, hai que denunciar que as cooperativas non estiveron en grandes debates dos últimos anos que as deberían atinxir e implicar moi directamente.

-E velahí a quinta proposta: cómpre que o mundo cooperativo sexa consciente das súas propias disfuncións e da necesidade de encetar unha análise crítica do papel que está a desenvolver na sociedade. No caso de Galiza, é un mundo ensimismado, moi lonxe de atender ás necesidades reais do noso país e que se aferra retóricamente aos principios cooperativos para non abrir as xanelas para que lles entre o influxo da sociedade. Galiza precisa das cooperativas para ter tecido social e para dar unha resposta desde o terceiro sector aos grandes retos sociais dunha época na que os servizos públicos non son, nin de lonxe, dabondo. E na que a nova Consellería de Traballo e Benestar Social semella confiar na iniciativa privada, pero do ámbito con ánimo de lucro, a prestación de servizos que deberían ser dereitos fundamentais dos cidadáns e das cidadás. Onde están as cooperativas neste debate social?

-A sexta proposta, xa adiantada, afecta ao lexislador estatal e ao Goberno do Reino de España. Hai que salientar a necesidade de que sexa máis coidadoso coas cooperativas de produción cando poña en marcha reformas laborais e, en particular, reformas de Seguridade Social. De feito, un feixe de problemas puntuais se enquistaron nos últimos anos, como xa se describiu nas páxinas anteriores. Non pode ser que as reformas laborais e de Seguridade Social omitan a toma en consideración do eido cooperativo.

-E sétimo, non cabe dúbida de que a normativa cooperativa debe ser consensuada coas institucións representativas da economía social. Sen perxuízo do dito ata agora, non cabe dúbida de que unha lexislación que lles afecte, para ser minimamente eficaz, debe gozar de certo grao de implicación e de acordo por parte das cooperativas dos distintos graos. Que a rede de cooperativas perciba a súa normativa, non como unha imposición, senón como un marco normativo derivado dun diálogo

social. Pero sempre tendo en conta que non pode ser que as ditas institucións representativas teñan toda a capacidade decisoria.

* * *

E xa para rematar, convén unha referencia á case esquecida Recomendación da Organización Internacional de Traballo nº 193, do 2002, sobre a promoción das cooperativas: sen perxuízo doutros tópicos ben coñecidos, cumpriría salientar tres aos que se refire dita Recomendación pola súa evidente carga simbólica: o primeiro deles, o do traballo decente, que ten sido o auténtico guieiro das políticas da OIT durante a última década e desde a Declaración do 1998. O segundo, a necesidade de eliminar todas as formas de discriminación, por certo unha das catro grandes liñas temáticas da referida Declaración dos dereitos e principios fundamentais do traballo. O terceiro, en fin, a necesidade de mellorar a educación e a formación, para que as persoas que pertencen ás cooperativas como socias de traballo ou traballadoras acaden meirandes graos de desenvolvemento profesional e social.